



Xoves 15 de maio, ás 18.30 h

Aula de teatro do campus de Vigo
UVigo. Vigo. Galicia

Divinas palabras

De Ramón María del Valle-Inclán

Elenco

Antón Abal	Aroa Blanco
Azael Durán	Juan Diego Comesaña
Laura Pousada	Lidia Gutiérrez
Lola Matamoro	Miguel Rodríguez
Natalia Sías	Rodrigo Rodríguez
Rosa M ^a Molares	Sofía Fernández

Vestuario: Sonia Rúa

Música: Miguel R. Carretero

Escenografía: Ningures

Iluminación: Héctor Pazos

Fotografía e cartel: Diego Seixo

Axudante de dirección: Sonia Salgado

Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa

Sinopse

Divinas palabras (traxicomedia de aldea): drama protagonizado por seres marxinais. A avaricia e a luxuria desencadean a trama.

Un mostro, anano hidrocefalo, exposto en feiras e romarías para conseguir diñeiro é agora disputado por Marica del Reino, irmá da nai defunta, e por Mari Gaila, muller de Pedro Gailo, o sancristán, irmán da finada. Mari Gaila inicia un romance con Sétimo Miau, un faranduleiro transhumante. Finalmente, e despois da ira, o seu marido, Pedro Gailo, grazas ao resoar das «divinas palabras» en latín, volve á rutina cotiá coa súa muller.

27 MITEU VIGO

Entrada de balde



Abril-maio 2025

18.30 h

Teatro da Cidade Universitaria
Campus de Vigo

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Extensión
Universitaria



Mostra Internacional de Teatro Universitario · Vigo 2025

27 MITEU VIGO

Entrada de balde

Medea, unha e Todas

ESADG

23 de abril

Saxo tenor

Aula de Teatro do campus de Pontevedra

24 de abril

Ludovico 2.5

Aula de Teatro do campus de Ourense

7 de maio

Luchadoras

Carla Novi. México

8 de maio

Divinas palabras

Aula de Teatro do campus de Vigo

15 de maio



Abril-maio 2025

18.30 h

Teatro da Cidade Universitaria
Campus de Vigo

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Extensión
Universitaria





Mércores 23 de abril, ás 18.30 h

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg).Vigo. Galicia

Medea, unha e todas

Elenco

Lucía Costas
Lucía Fernández
Juan Diego Comesaña

Dirección e dramaturxia: Noelia Nuño

Producción: Esad de Galicia.

Sinopse

MEDEA, UNHA E TODAS é unha revisión contemporánea e combativa do mito clásico, onde Medea deixa de ser só unha personaxe para converterse nun símbolo colectivo. A partir de textos de Eurípides, Séneca e Manuel Lourenzo, a peza cuestiona con forza as estruturas de poder que historicamente someteron ás mulleres, ás estranxeiras e a todas aquelas que non encaixan. A obra borra as fronteiras entre a ficción e a realidade para converter o teatro nun acto político e de denuncia. A través dunha posta en escena directa e sen concesións, interpélase ao público, convidándoo a reflexionar sobre cuestións vixentes como a violencia institucional, a maternidade, a alteridade e o abuso de poder. Esta Medea é unha e todas: unha voz colectiva que resoa desde o mito ata a actualidade, cargada de dor, rabia e lucidez. Un espello incómodo que nos devolve preguntas sen resposta e nos obriga a mirar cara a onde ás veces preferimos non ver.



Xoves 24 de abril, ás 18.30 h

Aula de teatro do campus de Pontevedra UVigo. Pontevedra. Galicia

Saxo tenor

De Roberto Vidal Bolaño

Elenco

Fons De Groot	Carolina Rufián
Celeste Cortés	Isabella Moreno
Mabel Fernández	María Otero
Mayka Freire	Miriam Rodríguez
Ramón Pastoriza	Shiloh Shakina
Suso Riveiro	Uxía Couso
Xaime Reboiras	Xulio Mera

Escenografía: Pablo Giráldez Río «O Pastor»

Vestuario: Sonia Rúa

Fotografía e cartel: Diego Seixo

Música: Xaime Reboiras

Codirección: Omar Ferrín

Iluminación e dirección: Salvador del Río

Sinopse

A historia comeza cun morto: un mozo falecido de morte violenta. O seu sangue mancha aínda a praza. Pero a obra non comeza nese momento, senón dous anos despois, cando alguén supostamente xornalista tenta aclarar a verdade. A peza ten unha intensa vinculación co cine e iníciase cunha escena retrospectiva (flashback): alguén que vai contar toda a verdade sobre a morte dun rapaz de boa familia, que vai morrer a un arrabalde que cadra lonxe da súa casa. Os informativos contaron entón que a morte fora motivada por un atraco, a tentativa de roubar un saxo dunha tenda ou un asunto de drogas. O pai da vítima é importante e o asunto queda agochado entre os titulares de cada día.



Mércores 7 de maio, ás 18.30 h

Aula de teatro do campus de Ourense. Grupo Maricastaña 2025. UVigo. Ourense. Galicia

Ludovico 2.5

Dramaturxia de Fernando Dacosta

Inspirada libremente en A laranxa mecánica, de Anthony Burgess

Elenco

Lola Fernández	Diego Galdo
Nuria Saco	Iria Losada
Olga Suárez	Irene Pérez
Marisol Amoeiro	Carmen Blanco
Vicki Reinoso	Silvia Cortón
Iván Iglesias	Miguel Estévez/Héctor Martínez
Nerea Rodríguez	Adrián Castro

Iluminación, atrezzo e técnicos en xira:

José Manuel Bayón e Rubén Dobaño

Vestuario e complementos: Tegra e Lele

Cartel e programa: Pablo Otero

Música: Renata Codda Fons

Auxiliar de dirección: Chelo Cortiñas

Dramaturxia, escenografía e dirección:

Fernando Dacosta

Sinopse

Unha sátira social e unha proposta ao redor da violencia. Como mesturar sociopatía con ironía, psicopatía con humor negro, reflexión con diversión ou o punki con Beethoven. Ese é o camiño que temos que percorrer. A poética que debemos atopar. Unha obra controvertida e arriscada que trataremos de levar a escena coa perspectiva que dá traballala 63 anos despois da súa publicación.

Haberá poesía máis aló da violencia? Será posible volver escoitar a Ludwig e ser felices?



Xoves 8 de maio, ás 18.30 h

Carla Novi. México

Luchadoras

Texto e dirección: Carla Novi

Interpretación: Carla Novi

Voces en off:

Patrick Fernández, Beatriz Camarena, Víctor García e Roberto Medel

Música: Roberto Herrera, Elera Costa, APA Music e Panda Music/Pond 5

Deseño do cartel: Susana Sánchez

Técnica: Karla Monsalve

Vestuario: Demetrio García e Carla Novi

Dirección: Carla Novi

Sinopse

Ata onde estamos dispostos a chegar na nosa loita por conseguir o que queremos?

Mara é unha loitadora mexicana que durante anos non puido avanzar na súa profesión porque nunca cumpre as regras sexualizadas da loita feminina. Un día, o seu promotor ofrécelle un trato que promete un salto profesional. Pero todo ten un prezo e Mara vese enredada nun conflito que a empuxa a levar a súa loita ao extremo. Luchadoras é un drama social sobre a situación das mulleres na sociedade mexicana e a violencia á que se enfrontan no seu día a día, contado a través do colorido mundo da loita libre mexicana.